



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DAS EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS PARA O OUTORGAMENTO DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE RECURSOS ESPECÍFICOS NA MODALIDADE DE ALGAS A MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DESDE SUPERFICIE DA CONFRARÍA DE PESCADORES DA GUARDA.

ANTECEDENTES

1. A Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019, aproba o plan de xestión para o recurso específico de algas na modalidade de mergullo con subministro de aire desde superficie da Confraría de Pescadores da Guarda. O dito plan inclúe a incorporación de tres (3) embarcacións e seis (6) habilitacións (dúas por embarcación).
2. Por Resolución da Xefatura Territorial de Vigo publicada o 10 de setembro de 2019, convocouse o proceso selectivo para a obtención do permiso de explotación para recursos específicos na modalidade de algas a mergullo con subministro de aire dende superficie, para as incorporacións indicadas no apartado anterior.
3. Rematado o prazo de presentación das solicitudes conséntase que se presentaron seis (6) solicitudes ao proceso selectivo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, entre outros requisitos establece no artigo 42.1: "A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Ésta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión".
2. A Orde do 30 de decembro de 2015 determina nos seus artigos 25 a 30 os requisitos e o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.
3. A Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro establece o baremo para acceder as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación.
4. A Xefatura Territorial de Vigo é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

Xefatura Territorial de Vigo
Servizo de Recursos Mariños
Rúa Concepción Arenal, n.º 8, 4ª planta
Tfno. 986817125
seccion.pesca.vigo@xunta.gal



De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Aprobar a relación provisional das embarcacións seleccionadas para a obtención do permiso de explotación de o recurso específico de algas, modalidade de mergullo con subministro de aire desde superficie na Confraría de Pescadores da Guarda (ANEXO I).

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores da Guarda.

Contra o disposto nesta resolución poderase presentar alegacións no prazo de 15 días a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, ante a Xefatura Territorial de Vigo da Consellería do Mar.

Sonia Lorenzo Santos
Xefa territorial



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

Xefatura Territorial de Vigo
Servizo de Recursos Mariños
Rúa Concepción Arenal, n.º 8, 4ª planta
Tfno. 986817125
seccion.pesca.vigo@xunta.gal



ANEXO I

Proceso selectivo novos permex recursos específicos a flote: ALGAS

Confraría da Guarda

SOLICITUDES ADMITIDAS (Ordenadas alfabeticamente polo nome da embarcación)

NOMEDA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA E FOLIO	1. EXPERIENCIA PROFESIONAL DO ARMADOR	2. HABITUALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	3. ANTIGÜIDADE DA EMBARCACIÓN NUN PORTO BASE INCLUÍDO NO ÁMBITO TERRITORIAL DAS ENTIDADES TITULARES DO PLAN	4. Nº DE ARTES	5. FORMACIÓN (max. 3 puntos)		6. TER PERSOAS ENROLADAS DO XÉNERO FEMININO	TOTAL
						Actividades de formación	Titulación académica		
ANCORA TRES	3ªVI7 17-97	0	2,5	3	0	0	1,15	0	6,75
ERICA SEGUNDA	3ªVI7 23-98	0	2,5	0	0	0	0,25	0	2,75
POLVORA	3ªVI7 3398	0	0	3	0,5	0	0	0	3,50
TARITA M	3ªVI7 8-06	0	0	3	0	0	0,15	0,20	3,35
VALDERRUS	3ªVI7 4-13	0	2,5	3	0	0,72	1,15	0	7,37
VIRGEN DEL MAR	3ªVI6 3236	3	2,5	3	0,5	0	0,15	0	6,15

